

FESTA DO NADAL EN SADA

20 DECEMBRO 17:00h.: FESTA INFANTIL SOLIDARIA NO PAVILLON MUNICIPAL

Gran festa infantil de Nadal con carácter solidario. Música, animación, xogos e inchables. Merenda de balde para os nenos e nenas. Prégase aos asistentes que aporten alimentos non perecedeiros ou produtos de hixiene para colaborar con Cáritas e Cruz Vermella. Xogos de grande formato, inchables, zona de baile e xogos dirixidos con animación musical e un obradoiro para elaborar a carta cos vosos desexos, que lle poderedes entregar alí mesmo en persoa ao mesmísimo Papá Noel.

A media tarde, a rapazada será convidada a merendar un delicioso chocolate con churros. E sobre as 20 horas, terá lugar o espectacular sorteo de agasallos entre os que se atopa unha fabulosa cesta de Nadal, vales para mercar xoguetes, vales para material escolar ou unha das catro Nintendo Switch Oled.

20 DECEMBRO 19:00 h.: CONCERTO DE VIOLINS A CARGO DA AMDT. QUEIROA

Concerto de violíns a cargo de Asociación de Música e Danza Tradicional Queiroa na Capela de San Roque. Entrada libe ata completar aforo.

21 DE DECEMBRO 19h.: CONCERTO DE NADAL DA BANDA MUNICIPAL DE SADA

No Auditorio da Casa da Cultura. Entrada libre ata completar aforo.

22 DE DECEMBRO 18:30 h.: GALA DE NADAL DA ESCOLA DE BAILE CARMEN LOPEZ

No Auditorio da Casa da Cultura. Entrada de balde con reserva previa a través da web de reserva entradas do Concello de Sada

26 e 27 DECEMBRO 17:00 a 21:00h.: TREN DO NADAL

Paseos de balde no Tren do Nadal polas rúas de Sada. Saídas periódicas dende a Praza de San Roque entre as 17 e as 21 horas

5 XANEIRO: CABALGATA DE REIS

Cabalgata cos Reis Magos de Oriente. Recepción coas súas Maxestades na Casa da Cultura ao terminar o percorrido. Saída da lonxa ás 18h co seguinte percorrido: Avda. do Porto - Avda. da Mariña - Rúa Venezuela - Rúa Bergondo - Rúa Pontedeume - Rúa Oza dos Ríos - Praza da Igrexa Nova - Avda. Barrié de la Maza - Rúa Linares Rivas - Rúa Venezuela - Avda. da Mariña e chegada á Casa da Cultura sobre as 19:30 aproximadamente